

Resolución do 4 de febreiro de 2008, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso na categoría 004 (titulado/a superior) do grupo I de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, pola quenda de acceso libre, nomeado pola Orde do 7 de maio de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 91, do 11 de maio), pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do cuarto exercicio da fase de oposición.

En sesión que tivo lugar o 4 de febreiro de 2008, o tribunal I-A designado pola Orde do 7 de maio de 2007, pola que se nomean os membros do tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para o acceso á categoría 004 (titulado/a superior) do grupo I do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, pola quenda de acceso libre, convocado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 24 de xullo de 2006 (DOG nº 154, do 10 de agosto), acordou, de conformidade co disposto na base II.2 da convocatoria, e en aplicación do artigo 19 en relación co artigo 27 da instrución relativa ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección:

Primeiro.-Convocar o aspirante que non acreditou a posesión do curso de perfeccionamento de galego ou estudos equivalentes para a realización do cuarto exercicio da fase de oposición, que terá lugar o 14 de febreiro de 2008 no seminario B da Escola Galega de Administración Pública en Santiago de Compostela.

O aspirante que ten que realizar o devandito exercicio é Constantino Piñeiro Cajete, con DNI 32700032-N.

Segundo.-O aspirante terá que presentarse provisto de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade ao xuízo do tribunal. Así mesmo deberá ir provisto de bolígrafo azul.

Terceiro.-O chamamento comezará ás 17.00 horas e será único, polo que se excluírá do proceso o aspirante convocado se non comparecer. Non se permitirá no recinto onde se realice o exercicio o acceso e tenza de teléfonos móbiles, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico ou de calquera outro material ou instrumento do que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Advírtese que non haberá servizo de recollida de teléfonos móbiles.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2008.

José Antonio Domínguez Varela
Presidente do tribunal

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 4 de febreiro de 2008 pola que se convoca concurso de méritos para a selección e nomeamento da dirección dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O Decreto 29/2007, do 8 de marzo, regula a selección, nomeamento e cesamento de directores e directoras dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, mediante un concurso en que se garantan os principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade, entre funcionarios e funcionarias de carreira dun corpo docente, en situación de servizo activo e que estean prestando servizos nun centro educativo dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O decreto recolle que a selección deberá realizarse no propio centro por unha comisión constituída por representantes da Administración e do centro e que os e as aspirantes deberán superar un programa de formación inicial.

A disposición transitoria segunda do Decreto 29/2007, do 8 de marzo, establece que a duración do mandato da dirección e demais membros do equipo directivo dos centros públicos, nomeados con anterioridade á súa entrada en vigor, será a establecida na normativa vixente no momento do seu nomeamento. Procede, pois, convocar concurso de méritos para seleccionar as direccións dos centros onde a dirección foi prorrogada en virtude do previsto na disposición transitoria sexta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e as que rematan o seu mandato no actual curso académico 2007/2008.

Na súa virtude, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-*Convocatoria.*

Convócase concurso de méritos para seleccionar e nomear as direccións dos centros docentes públicos onde se imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que se relacionan no anexo I a esta orde.

A selección realizarase de conformidade cos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade.

Segundo.-*Requisitos para ser candidata ou candidato á dirección.*

Para participar neste concurso de méritos para ser nomeada directora ou director dun centro docente público dependente da Consellería de Educación e

Ordenación Universitaria deberán reunirse os seguintes requisitos:

a) Ser funcionaria ou funcionario de carreira dun corpo docente a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

b) Estar en situación de servizo activo.

c) Ter unha antigüidade de polo menos cinco anos como funcionaria ou funcionario de carreira na función pública docente.

d) Ter impartido docencia directa como funcionaria ou funcionario de carreira durante un período de polo menos cinco anos, nalgunha das ensinanzas das que ofrece o centro a que se opta. Para estes efectos, enténdese que as funcionarias e funcionarios responsables da orientación educativa e profesional imparten docencia directa.

e) Estar prestando servizos nun centro educativo dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

f) Estar prestando servizos en centros docentes públicos, nalgunha das ensinanzas das que se ofrecen no centro a que se opta, cunha antigüidade de polo menos un curso completo ao publicarse a convocatoria. Para estes efectos considéranse as mesmas ensinanzas a educación infantil e a educación primaria.

2. Para participar no concurso de méritos para ser nomeada directora ou director dun centro público específico de educación infantil, incompleto de educación primaria, nos de educación secundaria con menos de oito unidades, nos que se imparten ensinanzas artísticas profesionais ou superiores, deportivas, de idiomas ou nos centros específicos de adultos con menos de oito profesores, non se exixirán os requisitos establecidos nas letras c) e d) do punto 1 desta epígrafe.

Terceiro.-*Solicitudes e documentación.*

1. A solicitude de participación no concurso de méritos dirixirase ao delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da provincia correspondente, no modelo que se publica como anexo III nesta convocatoria, achegando ademais:

a) Documentación acreditativa dos méritos académicos e profesionais alegados en relación co baremo que se publica como anexo II a esta orde.

b) Se é o caso, certificación da dirección do centro que acredite que o solicitante ten destino definitivo no centro.

c) Proxecto de dirección que inclúa, polo menos, os obxectivos, as liñas de actuación e a súa avaliación. No proxecto de dirección deberá facerse referencia entre os seus obxectivos xerais e as liñas prioritarias de actuación ás previstas nos artigos 9 e 10 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

O proxecto de dirección non excederá os 30 folios DIN A4, nun tipo de letra: Times New Roman, espazo entre liñas: 1,5.

d) Calquera outra documentación que a candidata ou candidato considere idónea en interese da súa solicitude.

2. Efectuarase unha solicitude por cada centro que se demande ata un máximo de dous.

3. Así mesmo, os participantes no concurso de méritos remitirán ao centro ou centros docentes que soliciten unha copia do seu proxecto de dirección. Este proxecto estará á disposición dos membros do claustro de profesores e do Consello Escolar na secretaría do centro durante un período mínimo de dez días lectivos, no horario que estableza a dirección do centro.

No taboleiro de anuncios da sala de profesores exporase unha relación das candidaturas presentadas, así como o prazo e o horario en que poderán verse os proxectos de dirección na secretaría.

4. A solicitude, xunto coa documentación a que se alude no punto anterior, poderase presentar nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou en calquera das dependencias a que alude o artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se opte por presentar a súa solicitude ante unha oficina de correos, farase en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

Cuarto.-*Prazo de solicitude.*

O prazo de presentación de solicitudes e documentación será de trinta días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Quinto.-*Comisión de selección.*

1. En cada centro educativo constituirase unha comisión de selección, nomeada polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que terá a seguinte composición:

a) Unha inspectora ou inspector de educación, designados polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que exercerá como presidenta ou presidente.

b) Tres profesoras ou profesores do centro elixidos polo claustro de profesores, en reunión extraordinaria para estes efectos. Cada profesor ou profesora poderá emitir dous votos.

c) Tres membros do Consello Escolar, elixidos por e entre os membros do Consello Escolar que non son profesoras ou profesores, en reunión extraordinaria para estes efectos. Cada membro do Consello Escolar poderá emitir dous votos.

2. Actuará como secretaria ou secretario da comisión o representante do claustro de profesores con

menor antigüidade como funcionaria ou funcionario de carreira e, en caso de empate, o máis novo.

3. A representación do Consello Escolar do centro non poderá recaer no alumnado que estea matriculado nun curso inferior a terceiro de educación secundaria obrigatoria.

4. En ningún caso as candidatas ou candidatos á dirección poderán formar parte da comisión de selección.

5. Designaranse suplentes dos membros da comisión de selección en cada un dos ámbitos de representación que actuarán en substitución dos titulares cando exista causa xustificada que impida a actuación destes.

6. Aos membros da comisión de selección seranlles de aplicación as normas sobre abstención e recusación previstas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7. A dirección do centro efectuará a proposta de nomeamento dos representantes do claustro e do Consello Escolar na comisión de selección, ao delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dos dez días seguintes ao remate do prazo de solicitudes establecido na epígrafe cuarta desta orde.

8. A non-elección dos representantes do claustro de profesores ou do Consello Escolar non impedirá a constitución da comisión de selección.

De non elixirse os representantes do claustro e do Consello Escolar, o delegado provincial nomeará a dirección do centro por un período de dous anos, oídos o Claustro e o Consello Escolar.

9. A composición da comisión de selección publicarase no taboleiro de anuncios do centro.

Sexto.-Composición da comisión de selección en determinados supostos.

Cando o número de profesorado do centro sexa inferior a catro ou o número de candidaturas á dirección non permita ao claustro elixir a tres membros de entre o profesorado, a composición da comisión de selección será a seguinte:

-Unha inspectora ou inspector de educación, designado polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que exercerá como presidenta ou presidente.

-Un profesor ou profesora do centro elixida polo claustro de profesorado. Cada profesor ou profesora poderá emitir un só voto.

-Un membro do Consello Escolar, elixido por e entre os seus compoñentes que non sexan profesoras ou profesores. Cada membro do Consello Escolar poderá emitir un solo voto.

Sétimo.-Funcións da comisión de selección e procedemento de funcionamento.

1. Recibidas as solicitudes presentadas na delegación provincial, a comisión de selección comprobará que os aspirantes reúnen os requisitos establecidos nesta orde e notificaralles aos aspirantes a admisión ou rexeitamento da súa petición.

2. Contra o rexeitamento da solicitude os aspirantes poderán presentar reclamación perante a propia comisión seleccionadora, no prazo de cinco días hábiles contados desde o día seguinte ao da notificación da desestimación da solicitude.

3. A comisión de selección valorará os méritos académicos e profesionais de cada aspirante, de acordo co baremo que se publica como anexo II a esta orde.

4. A comisión de selección valorará, así mesmo, os proxectos de dirección, de acordo co establecido no baremo que se publica no anexo II desta orde, podendo ter unha entrevista co profesorado que presentou candidatura se considera necesario clarificar algúns aspectos do proxecto de dirección. Cando a comisión de selección decida a realización desta entrevista, deberá efectuala a todos e cada un dos candidatos e candidatas.

5. A cualificación do proxecto de dirección será a media aritmética das cualificacións de todos os membros presentes da comisión. Cando entre as puntuacións outorgadas polos membros da comisión exista unha diferenza de tres ou máis enteiros, serán automaticamente excluídas as cualificacións máxima e mínima, calculándose a puntuación media entre as cualificacións restantes. No caso de empate entre cualificacións máximas ou mínimas, unicamente será excluída unha delas.

6. Contra as puntuacións outorgadas pola comisión de selección poderá presentarse reclamación ante a propia comisión no prazo de dez días hábiles computados a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do centro educativo.

Oitavo.-Selección das candidaturas.

1. Transcorrido o prazo de reclamacións e, se é o caso, resultas estas, a comisión de selección establecerá a puntuación final obtida polos aspirantes, e seleccionará a candidata ou candidato que proporán como directora ou director do centro, para o seu nomeamento polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2. Para poder ser seleccionado e ser nomeado para a dirección é necesario obter polo menos seis puntos no proxecto de dirección.

3. A selección realizarase considerando, primeiro, as candidaturas do profesorado que teña destino definitivo no centro, que terán preferencia. En ausencia de candidaturas do centro ou cando estas non fosen seleccionadas, a comisión valorará as candidaturas do profesorado doutros centros.

4. No caso de se produciren empates na puntuación total dos aspirantes, estes dirimiranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación no proxecto de dirección.
- b) Maior puntuación na epígrafe 2 do baremo.
- c) Maior puntuación na epígrafe 1 do baremo.

5. Se unha candidata ou candidato resultase seleccionado para dous centros resultará nomeado para o centro polo que opte, procedéndose a seleccionar e nomear no centro non elixido a outra ou outro aspirante que reúna os requisitos con maior puntuación.

Noveno.-*Recursos.*

Contra a decisión da comisión de selección, resolvendo definitivamente o concurso de méritos de selección e nomeamento da dirección do centro, cabe recurso de alzada, no prazo dun mes, ante o delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Décimo.-*Programa de formación inicial.*

1. Os aspirantes seleccionados que non estean exentos deberán superar un programa de formación inicial, organizado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Aqueles candidatos e candidatas que non superen este programa de formación inicial non poderán ser nomeados directores ou directoras.

2. O programa de formación inicial consistirá nun curso teórico e na realización de supostos prácticos. O curso teórico deberá ter unha duración mínima de cen horas e incorporar no seu programa contidos sobre sistemas de xestión de calidade dos centros educativos, planificación e organización das actividades escolares, a organización e xestión de recursos humanos, procedementos de xestión administrativa e orzamentaria, formación para a convivencia, elaboración do proxecto lingüístico do centro igualdade de xénero, mediación e resolución pacífica de conflitos, normativa en materia de centros, da lingua galega, alumnado e profesorado.

3. O deseño destes cursos realizarao o Servizo de Formación do Profesorado, serán organizados polos centros de formación e recursos e deberán estar rematados con anterioridade ao 30 de xuño de 2008.

Décimo primeiro.-*Exención do programa de formación inicial.*

1. Estarán exentos de realizar este programa inicial de formación aqueles aspirantes que acrediten unha experiencia de polo menos dous anos no exercicio da dirección de centros docentes públicos. Computará, para estes efectos, como un ano o nomeamento polo período lectivo dun curso académico e estar desempeñando a dirección no actual curso académico.

2. O profesorado que estivese acreditado para o exercicio da dirección dos centros docentes públicos estará exento da realización do curso teórico do programa de formación inicial.

Décimo segundo.-*Avaliación do programa de formación.*

Para a avaliación do programa de formación inicial constituirase unha comisión de ámbito provincial, nomeada polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e da que formarán parte:

- a) O xefe ou xefa do Servizo da Inspección, que actuará como presidenta ou presidente.
- b) Un director ou directora dun centro que imparta educación infantil, educación primaria ou educación infantil e primaria.
- c) Un director ou directora dun centro que imparta educación secundaria.
- d) Un director ou directora dun centro que imparta ensinanzas de réxime especial.
- e) O director ou directora de cada centro de formación e recursos da provincia.
- f) Unha funcionaria ou funcionario da delegación provincial, que actuará como secretario, con voz e sen voto.

Décimo terceiro.-*Nomeamento.*

1. O delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria procederá a nomear directora ou director:

- a) A aquelas candidatas e candidatos seleccionados que estean exentos da realización do programa de formación inicial.
- b) A aquelas candidatas e candidatos seleccionados que teñan superado o programa de formación inicial.

2. Os nomeamentos das direccións realizaranse con efectividade do 1 de xullo do ano 2008 e por unha duración de catro anos, prorrogables de acordo co previsto no Decreto 29/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento dos directores e directoras dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

3. Cando o nomeamento recaia nunha funcionaria ou funcionario que non teña destino definitivo no centro, a dirección desempeñarse en réxime de comisión de servizos.

Décimo cuarto.-*Nomeamento con carácter extraordinario.*

1. Nos supostos de ausencia de candidatos, ou cando a comisión correspondente non seleccione ningún candidato, ou nos centros de nova creación, a dirección será nomeada polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, oídos o claustro de profesores e o Consello Escolar, por un período de dous anos, entre o profesorado que reúna os requisitos establecidos na epígrafe segunda desta orde, e preferentemente que teña destino definitivo no centro.

2. A persoa seleccionada deberá realizar o programa de formación inicial agás que estivesen exentos da

súa realización, conforme o previsto na epígrafe décimo primeira desta orde.

Disposicións adicionais

Primeira.-Se con data do 30 de xuño de 2008 non estivese rematado o programa de formación inicial, a efectividade da duración do nomeamento da dirección quedará supeditada á superación do programa.

Segunda.-Excepcionalmente, poderá aprazarse a realización do programa de formación inicial no caso de estar gozando de licenza por embarazo ou de incapacidade temporal. Neste suposto, a efectividade da duración do nomeamento da dirección quedará supeditada á superación posterior do programa.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2008.

Laura Sánchez Piñón
 Conselleira de Educación e Ordenación
 Universitaria

ANEXO I

Código centro	Nome do centro	Concello
A Coruña		
15027125	IES de Viós	Abegondo
15026637	CEIP de Barouta	Ames
15000569	CEIP San Xosé Obreiro	Arteixo
15020933	EEL de Barrionovo	Arteixo
15023314	IES de Sabón	Arteixo
15000612	CEIP de Arzúa	Arzúa
15001070	CPI de Cruz do Sar	Bergondo
15001148	IES As Mariñas	Betanzos
15001471	CEIP Praia Xardín	Boiro
15023338	IES Praia Barraña	Boiro
15026352	IES de Esparís	Brión
15032212	CRA Os Remuíños	Cabana de Bergantiños
15002050	CEIP O Areal	Camariñas
15027861	IES Pedra da Agua	Camariñas
15025554	CEIP Emilio González López	Cambre
15027873	IES Afonso X O Sabio	Cambre
15026704	IES David Buján	Cambre
15032426	CEIP do Graxal II	Cambre
15021354	CEIP Bergantiños	Carballo
15027307	IES Isidro Parga Pondal	Carballo
15002591	IES Monte Neme	Carballo
15023077	CEIP de Gándara-Sofán	Carballo
15021755	IES Cabo Ortegál	Cariño
15027885	IES Lamas de Castelo	Carnota
15002852	CEIP do Pindo	Carnota
15003005	CPI Vicente Otero Valcárcel	Carral
15003054	CEIP Nicolás del Río	Cedeira
15003212	IES Agra de Raíces	Cee
15003376	CPI O Cruce	Cerceda
15002670	CEIP Canosa-Rus	Coristanco
15004745	CEIP Anxo da Guarda	Coruña, A
15004976	CEIP Curros Enríquez	Coruña, A
15023375	CEIP José Cornide Saavedra	Coruña, A
15020568	CEIP Labaca	Coruña, A
15005521	CEIP Ramón de la Sagra	Coruña, A
15021721	CEIP de Zalaeta	Coruña, A
15025621	EPAPU Eduardo Pondal	Coruña, A
15027770	IES A Sardiñeira	Coruña, A
15026716	IES Adormideras	Coruña, A
15005221	IES Eusebio da Guarda	Coruña, A

Código centro	Nome do centro	Concello
15005245	IES Monelos	Coruña, A
15026421	IES Rafael Dieste	Coruña, A
15005257	IES Ramón Menéndez Pidal	Coruña, A
15005002	IES Ramón Otero Pedrayo	Coruña, A
15005269	IES Urbano Lugo	Coruña, A
15023363	CEIP Manuel Murguía	Coruña, A
15026492	CMUS Superior da Coruña	Coruña, A
15032303	CMUS Profesional da Coruña	Coruña, A
15023132	EOI da Coruña	Coruña, A
15032480	CRA de Culleredo	Culleredo
15027903	IES Eduardo Blanco Amor	Culleredo
15021809	CEIP Sofía Casanova	Culleredo
15005877	CEIP de Teixeiro	Curtis
15022620	IES de Curtis	Curtis
15023399	CPI Eusebio Lorenzo Baleirón	Dodro
15025633	CEIP Os Casais	Fene
15021858	Ceip Almirante Juan de Langara y Huarte	Ferrol
15006845	CEIP Isaac Peral	Ferrol
15021834	CEIP Manuel Masdías	Ferrol
15021846	CEIP San Xoán de Filgueira	Ferrol
15025751	EPAPU Santa María de Caranza	Ferrol
15021470	IES Canido	Ferrol
15006742	IES Concepción Arenal	Ferrol
15025566	IES Ferrol Vello	Ferrol
15006754	IES Marqués de Suanzes	Ferrol
15025645	IES Ricardo Carballo Calero	Ferrol
15006791	IES Saturnino Montojo	Ferrol
15026546	EOI de Ferrol	Ferrol
15007266	CEIP Areouta	Fisterra
15007655	CEIP de Caión	Laracha, A
15025256	CEIP Alfredo Brañas	Laracha, A
15027654	IES Agra de Leboris	Laracha, A
15027836	CRA Pedra da Arca	Malpica de Bergantiños
15026765	CEIP Milladoiro	Malpica de Bergantiños
15008490	CEIP Víctor Sáenz	Mazaricos
15008659	CEIP de Pino de Val	Mazaricos
15008714	CPI da Picota	Mazaricos
15008805	CEIP de Melide Nº 1	Melide
15020854	CPI de Xanceda	Mesía
15009071	CPI Castro Baxoi	Miño
15009081	CEIP de San Ramón	Moeche
15009241	CPI Virxe da Cela	Monfero
15009391	CEIP Santiago Apóstolo	Mugardos
15009810	CEIP Ricardo Tobío	Muros
15024951	CEIP de Louro	Muros
15009998	CEIP Ramón de Artaza y Malvárez	Muros
15026388	IES Fontexería	Muros
15024239	CEIP dos Muíños	Muxía
15009676	CEIP Virxe da Barca	Muxía
15019499	CEIP de Piñeiros	Narón
15026111	CRA de Narón	Narón
15023740	CEIP A Solaina	Narón
15010162	CEIP Ponte de Xubia	Narón
15023508	CEIP Virxe do Mar	Narón
15010058	CPI do Feal	Narón
15010307	CEIP San Isidro	Neda
15027216	IES Fernando Esquío	Neda
15010575	CEIP O Coto	Negreira
15026391	IES Xulián Magariños	Negreira
15010681	CEIP Alexandre Rodríguez Cadarso	Noia
15010812	IES Virxe do Mar	Noia
15027228	IES María Casares	Oleiros
15025050	CEIP Ramón María del Valle-Inclán	Oleiros
15026121	IES Xosé Neira Vilas	Oleiros
15011105	CEIP de Mesón do Vento	Ordes
15011336	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Ordes

Código centro	Nome do centro	Concello
15027939	IES Maruxa Mallo	Ordes
15011567	CEIP de Sigüeiro	Oroso
15027964	IES de Oroso	Oroso
15032509	CRA de Oroso	Oroso
15020544	IES de Ortigueira	Ortigueira
15012225	CEIP Emilio Navasquíes	Outes
15027976	IES Poeta Afión	Outes
15012420	CEIP de Oza dos Ríos	Oza dos Ríos
15012717	CEIP Rosalía de Castro	Padrón
15019347	CPI Camiño de Santiago	Pino, O
15013163	EEl Fernández Varela	Pobra do Caramiñal, A
15025530	IES da Pobra do Caramiñal	Pobra do Caramiñal, A
15013230	CEIP As Forcadas	Ponteceso
15027848	CRA Nosa Señora do Faro	Ponteceso
15024963	CEIP de Andrade	Pontedeume
15020556	IES Breamo	Pontedeume
15021767	IES Castro da Luz	Pontes de García Rodríguez, As
15025694	IES Moncho Valcarce	Pontes de García Rodríguez, As
15025062	CEIP de Portosín	Porto do Son
15013928	CEIP de Sobrado-Nebra	Porto do Son
15027691	IES de Porto do Son	Porto do Son
15025542	CEIP Xuño	Porto do Son
15014261	CEIP de Aguiño	Ribeira
15014271	CEIP de Artes	Ribeira
15021731	CEIP de Frións	Ribeira
15014465	CEIP de Palmeira	Ribeira
15014556	IES Coroso	Ribeira
15014568	IES Nº 1	Ribeira
15014738	CPI dos Dices	Roís
15026029	IES Isaac Díaz Pardo	Sada
15026157	CRA de Santa Comba	Santa Comba
15016292	CEIP Mestre Rodríguez Xixirei	Santiago de Compostela
15022589	CEIP Lamas de Abade	Santiago de Compostela
15015688	CEIP Raíña Fabiola	Santiago de Compostela
15032327	CEE Pedroso	Santiago de Compostela
15025712	IES Antonio Fraguas Fraguas	Santiago de Compostela
15025301	IES Arcebispo Xelmírez II	Santiago de Compostela
15023466	IES Lamas de Abade	Santiago de Compostela
15022590	CEIP de Roxos	Santiago de Compostela
15021482	IES San Clemente	Santiago de Compostela
15015834	E.ART Mestre Mateo	Santiago de Compostela
15016590	CEIP de Visantofía	Santiso
15016784	CEIP Virxe do Portal	Sobrado
15025074	CEIP da Igrexa	Somozas, As
15025724	CEIP Os Tilos	Teo
15017041	CEIP A Igrexa-Calo	Teo
15017107	CEIP da Ramallosa	Teo
15017314	CEIP de Toques	Toques
15018471	CEIP Ortigueira	Vedra
15020921	CEIP de Présaras	Vilasantar
15027368	IES Maximino Romero de Lema	Zas
15019086	CEIP Labarta Pose	Zas

Lugo

27000010	CEIP Aquilino Iglesia Alvariño	Abadín
27016649	IES Alfoz-Valadouro	Alfoz

Código centro	Nome do centro	Concello
27007958	CPI Luís Díaz Moreno	Baralla
27016224	CEIP de San Cosme	Barreiros
27000541	CEIP San Miguel de Reinante Barreiros	Barreiros
27016315	IES de Becerreá	Becerreá
27014586	CEIP de Baamonde	Begonte
27015891	IES da Terra Chá, José Trapero Pardo	Castro de Rei
27002249	CPI de Castroverde	Castroverde
27015906	CEIP da Ponte de Doiras	Cervantes
27013739	CEIP Mestre Rivera Casas	Cervo
27014847	CEIP do Corgo	Corgo, O
27016388	CEIP de Muimenta	Cospeito
27004428	CEIP de Foz nº 1	Foz
27004519	CEIP Fondo Nois	Foz
27004635	CPI Dr. López Suárez	Friol
27016200	IES Poeta Díaz Castro	Guitiriz
27005263	CEIP de Lousada	Guntfín
27006000	CEIP Juan Rey	Lourenzá
27006371	CEIP Anexa	Lugo
27013673	CEIP de Casas	Lugo
27016728	CEIP Illa Verde	Lugo
27014793	CEIP Paradai	Lugo
27014033	EEl Fingoi nº 2	Lugo
27016704	IES Poeta Manuel Leiras Pulpeiro	Lugo
27016455	IES Sanxillao	Lugo
27006553	IES Xoán Montes	Lugo
27006048	CEIP Manuel Mallo Mallo	Lugo
27016558	CMUS Profesional de Lugo	Lugo
27015955	EOI de Lugo	Lugo
27006735	CEIP de Meira	Meira
27016303	IES Pedregal de Irímia	Meira
27006954	CEIP Álvaro Cunqueiro Mora	Mondoñedo
27014860	CEIP A Gándara	Monforte de Lemos
27007259	IES Río Cabe	Monforte de Lemos
27016662	CEIP de Monforte de Lemos	Monforte de Lemos
27008148	CEIP das Nogais	Nogais, As
27008355	CEIP Vicente Casabella	Ouro
27016352	IES de Palas de Rei	Palas de Rei
27015967	CPI Uxío Novoneira	Pedrafita do Cebreiro
27010155	CEIP da Pobra do Brollón	Pobra do Brollón, A
27011639	CEIP Otero Pedrayo	Rábade
27011615	Centro Santo Anxo	Rábade
27010891	CEIP Gregorio Sanz	Ribadeo
27010945	IES Porta da Auga	Ribadeo
27020690	EOI de Ribadeo	Ribadeo
27011743	CEIP Antonio Fernández López	Sarria
27012012	CEIP Frei Luís de Granada	Sarria
27014082	EEl de Sarria	Sarria
27012036	IES Gregorio Fernández	Sarria
27015785	CEIP de Currelos	Saviñao, O
27012450	CPI Dr. López Suárez	Saviñao, O
27015797	CEIP Castelao	Vilalba
27013296	CEIP Manuel Mato Vizoso	Vilalba
27014094	EEl de Vilalba	Vilalba
27013314	IES Santiago Basanta Silva	Vilalba
27013387	CEIP Antonio Pedrosa Latas	Viveiro
27016674	CEP Luis Tobío	Viveiro
27013636	IES María Sarmiento	Viveiro

Ourense

32000356	CEIP Ramón Otero Pedrayo	Amoeiro
32016236	CEIP de Baltar	Baltar
32001312	CEIP de Baños de Molgas	Baños de Molgas
32015116	CEIP Condessa de Fenosa	Barco de Valdeorras, O
32001658	CEIP Julio Gurriarán Canalejas	Barco de Valdeorras, O

Código centro	Nome do centro	Concello
32001671	CEIP Ramón Otero Pedrayo	Barco de Valdeorras, O
32001683	IES Martaguisela	Barco de Valdeorras, O
32001920	CEIP Francisco Franco	Beariz
32015098	CEIP do Bolo	Bolo, O
32015906	CEIP Pena Corneira	Carballada de Avia
32015025	CEIP de Casaio	Carballada de Valdeorras
32002781	CPI Tomás Terrón Mendaña	Carballada de Valdeorras
32016467	IES Sección de Sobradelo-Carballada	Carballada de Valdeorras
32015037	IES Manuel Chamoso Lamas	Carballiño, O
32004118	CPI Antonio Failde	Coles
32015268	CEIP Otero Novas	Cortegada
32004398	CEIP Vicente Risco	Cualedro
32014902	CEIP Santa María A Real	Entrimo
32015645	CEIP Rosalía de Castro	Gomesende
32005408	CEIP Virxe da Pena da Sela	Irixo, O
32015165	CEIP O Castiñeiro	Laza
32006358	CEIP do Xurés	Lobios
32006553	CEIP de Maceda	Maceda
32006929	CPI de Maside	Maside
32016261	CEIP de Quins	Melón
32015700	CEIP San Mamede	Montederramo
32015657	CEIP de Medeiros	Monterrei
32008033	CEIP de Lufnra	Nogueira de Ramuín
32008847	CEIP Amadeo Rodríguez Barroso	Ourense
32015219	CEIP Manuel Sueiro	Ourense
32015669	CEIP Mestre Vide	Ourense
32015220	CEIP Vistahermosa	Ourense
32008902	IES A Carballeira	Ourense
32015207	IES O Couto	Ourense
32008951	IES Ramón Otero Pedrayo	Ourense
32016443	CMUS Profesional de Ourense	Ourense
32009360	CPI José García García	Ourense
32016029	CEIP Ben-Cho-Shey	Pereiro de Aguiar, O
32010121	CEIP Blanco Torres	Peroxa, A
32011135	CEIP Rogelio García Yáñez	Ramirás
32015475	IES Abrente	Ribadavia
32011755	CEIP Manuel Respino	Rúa, A
32012711	CEIP Saco e Arce	Toén
32013168	CEIP Eduardo Ávila Bustillo	Veiga, A
32013582	IES García-Barbón	Verín
32016777	IES Carlos Casares	Viana do Bolo
32016285	IES de Vilamarín	Vilamarín
32014801	IES Cidade de Antioquía	Xinzo de Limia
32005721	CEIP Víctor Manuel Vázquez Portomeñe	Xunqueira de Espadanedo

Pontevedra

36000302	CEP de Sabarís	Baiona
36000375	CEIP da Torre-Cela	Bueu
36015861	CEIP San Clemente de Cesar	Caldas de Reis
36019396	IES Francisco Asorey	Cambados
36000481	IES Ramón Cabanillas	Cambados
36000508	CEIP de Castrelo	Cambados
36000648	CEIP Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados
36000685	CEIP Pedro Antonio Cerviño	Campo Lameiro
36015950	CEIP da Espiñeira-Aldán	Cangas
36019475	IES de Rodeira	Cangas
36018501	IES Monte Carrasco	Cangas
36001550	CEIP de Carballado	Cotobade
36001690	CEIP Antonio Blanco Rodríguez	Covelo
36013618	CEIP de Figueiroa	Estrada, A
36020258	IES Nº 1	Estrada, A
36003111	CEIP Nosa Señora das Dores	Forcarei

Código centro	Nome do centro	Concello
36017703	CEIP Souto-Donas	Gondomar
36019220	IES Auga da Laxe	Gondomar
36020261	IES Terra de Turonio	Gondomar
36018987	CRA Antía Cal	Gondomar
36019244	IES A Sangriña	Guarda, A
36004137	IES Ramón Mª Aller Ulloa	Lalín
36004149	CEIP Xoaquín Loriga	Lalín
36004460	CEIP de Ardán	Marín
36004472	CEIP do Carballal	Marín
36014982	EEl Calvo Sotelo	Marín
36004538	EEl Nosa Señora do Carme	Marín
36020295	IES Mestre Landín	Marín
36015159	IES Chan do Monte	Marín
36020301	IES de Meaño	Meaño
36018446	CEIP da Armenteira	Meis
36024604	CRA de Meis	Meis
36004711	CEIP Domaio	Moaña
36004733	CEIP de Reibón	Moaña
36016796	EEl de Verducedo	Moaña
36016814	EEl do Con	Moaña
36004927	CPI de Mondariz	Mondariz
36016619	CEIP de Atín-Cela	Mos
36005245	CEIP Mestre Martínez Alonso	Mos
36019441	CEIP de Petelos	Mos
36017648	CEIP Mestre Valverde Mayo	Mos
36019402	IES Pazo da Mercé	Neves, As
36016620	CEP da Cruz	Nigrán
36018434	CEIP Mallón	Nigrán
36007242	CEIP de Viñas	Poio
36020143	IES de Poio	Poio
36015895	CEP de Espedregada	Poio
36020313	IES de Ponte Caldelas	Ponte Caldelas
36015536	CEIP A Reigosa	Ponte Caldelas
36007370	CEIP Feliciano Barrera	Ponteareas
36007621	CPI de Pontecesures	Pontecesures
36019608	CEIP de Marcón	Pontevedra
36006778	CEIP de Ponte Sampaio	Pontevedra
36006390	CEIP Manuel Vidal Portela	Pontevedra
36017661	CEIP Praza de Barcelos	Pontevedra
36014994	EEl Concepción Crespo Rivas	Pontevedra
36013837	EEl dos Campos	Pontevedra
36018379	IES A Xunqueira II	Pontevedra
36006730	IES Frei Martín Sarmiento	Pontevedra
36018677	IES Luís Seoane	Pontevedra
36018690	CEIP de Cabanas	Pontevedra
36006833	CEIP San Martiño	Pontevedra
36019517	CEIP Santo André de Xeve	Pontevedra
36007011	IES Pino Manso	Porriño, O
36019529	IES Ribeira do Louro	Porriño, O
36007035	CPI Domingo Fontán	Portas
36007631	CEIP de Porto Cabeiro	Redondela
36007643	CEIP Outeiro das Penas	Redondela
36014881	CEIP Alexandre Bóveda	Redondela
36016644	CEIP de Laredo	Redondela
36019566	IES de Chapela	Redondela
36007710	CEP de Redondela	Redondela
36014726	EEl A Marisma	Redondela
36020325	IES Illa de San Simón	Redondela
36024616	CRA de Ribadumia	Ribadumia
36024173	CRA María Zambrano	Rosal, O
36024628	IES Pedras Rubias	Salceda de Caselas
36008489	CEP de Altamira	Salceda de Caselas
36020337	IES de Salvaterra de Miño	Salvaterra de Miño
36008805	CEIP de Portonovo	Sanxenxo

Código centro	Nome do centro	Concello
36020349	IES de Sanxenxo	Sanxenxo
36015846	CEIP de Noalla-Telleiro	Sanxenxo
36008866	CEIP A Florida	Sanxenxo
36008878	CEIP Cruceiro	Sanxenxo
36019256	IES de Vilalonga	Sanxenxo
36009135	CEIP de Silleda	Silleda
36015238	CEIP de Sobrada	Tomiño
36009524	CEP Pedro Caselles Beltrán	Tomiño
36014775	CEIP de Guillarei	Tui
36009755	CEIP de Pazos de Reis	Tui
36015020	CEIP de Randufe	Tui
36009846	CEIP N° 1	Tui
36014544	IES Francisco Sánchez	Tui
36009901	IES San Paio	Tui
36024161	CRA de Valga	Valga
36020362	IES de Valga	Valga
36009913	CEIP de Baño-Xanza	Valga
36010071	CEIP Santa Mariña	Vigo
36010204	CEIP Párroco Don Camilo	Vigo
36009962	CEIP Otero Pedrayo	Vigo
36010460	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Vigo
36010472	CEIP Rúa de Vigo	Vigo
36010587	CEIP de Sárdoma-Moledo	Vigo
36010678	CEIP Paraixal	Vigo
36016061	CEIP A Doblada	Vigo
36010125	CEIP de Fonte Escura	Vigo
36010708	CEIP Emilia Pardo Bazán	Vigo
36015627	CEIP García Barbón	Vigo
36010538	CEIP Lope de Vega	Vigo
36010629	CEIP Vicente Risco	Vigo
36015241	CPI Celso Emilio Ferreiro	Vigo
36010265	EEl Cristo da Victoria	Vigo

Código centro	Nome do centro	Concello
36014325	EEl Rúa Aragón	Vigo
36016671	EEl Rúa Palencia	Vigo
36014787	EEl Santa Tegra-Teis	Vigo
36011579	IES A Guía	Vigo
36019426	IES Coruxo	Vigo
36018173	IES de Teis	Vigo
36019670	IES do Castro	Vigo
36017430	IES Ricardo Mella	Vigo
36024461	IES Audiovisual de Vigo	Vigo
36018941	EOI de Vigo	Vigo
36024586	ESAD Escola Superior de Arte Dramática de Galicia	Vigo
36012377	CEIP de Cerdeiriñas	Vila de Cruces
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces
36013588	CPI do Toural	Vilaboa
36024495	CRA de Vilaboa	Vilaboa
36018380	IES Miguel Ángel Fernández Estévez	Vilagarcía de Arousa
36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Vilagarcía de Arousa
36019451	CEIP A Escardia	Vilagarcía de Arousa
36012407	CEIP A Lomba	Vilagarcía de Arousa
36012419	CEIP Arealonga	Vilagarcía de Arousa
36015071	EEl Vagalume	Vilagarcía de Arousa
36024598	EOI de Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía de Arousa
36013023	CEIP de San Roque	Vilanova de Arousa
36013059	CEIP de Viñagrande-Deiro	Vilanova de Arousa
36013096	CEIP de San Bartolomé	Vilanova de Arousa
36019414	IES A Basella	Vilanova de Arousa
36024203	IES Faro das Lúas	Vilanova de Arousa

ANEXO II

Méritos	Puntos	Documentos xustificativos
1. Antigüidade (máximo 4 puntos).		
1.1. Por cada ano de servizos como funcionaria ou funcionario de carreira que superen os cinco exixidos como requisitos:	0,50	Fotocopia cotexada do título administrativo coas dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.2. Por cada ano de servizos como funcionaria ou funcionario de carreira noutros corpos ou escalas docentes que impartan algunha das ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:	0,25	Fotocopia cotexada do título administrativo coas dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
2. Desempeño da dirección de centros públicos e outros cargos directivos e de postos na Administración educativa (máximo seis puntos).		
2.1. Por cada ano como directora ou director nun centro que impartise algunha das ensinanzas do centro ao que se opta:	1	Fotocopia cotexada do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.
2.2. Por cada ano como directora ou director nun centro que non impartise algunha das ensinanzas do centro ao que se opta:	0,50	Fotocopia cotexada do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.
2.3. Por cada ano como subdirector ou xefe de servizo en postos da Administración educativa:	0,50	Fotocopia cotexada do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.
2.4. Por cada ano como vicedirector, subdirector, secretario ou xefe de estudos dun centro que impartise algunha das ensinanzas do centro ao que se opta:	0,50	Fotocopia cotexada do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e de cesamento.
2.5. Por cada ano como vicedirector, subdirector, secretario ou xefe de estudos dun centro que non impartise algunha das ensinanzas do centro ao que se opta:	0,25	Fotocopia cotexada do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.
2.6. Por cada ano como xefe de departamento, coordinador dos equipos de normalización lingüística, coordinador de ciclo e análogos, dun centro que impartise algunha das ensinanzas do centro ao que se opta:	0,15	Fotocopia cotexada do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e de posesión e cesamento.
3. Méritos académicos: máximo 1 punto.		
3.1. Por cada título de doutor:	0,50	Fotocopia cotexada do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto na O.M. do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).
3.2. Por cada título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto distinto do alegado para ingreso no corpo, ou polo certificado-diploma de estudos avanzados:	0,25	Fotocopia cotexada do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto na O.M. do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).
3.3. Por cada título de diplomado universitario ou equivalente distinto do alegado para ingreso no corpo:	0,15	Fotocopia cotexada do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto na O.M. do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).

Méritos	Puntos	Documentos xustificativos
4. Cursos de formación: máximo 3 puntos.		
Por cursos de formación relacionados coa función directiva organizados polas administracións educativas que se atopan en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologados ou recoñecidos polas administracións citadas con anterioridade, así como os organizados polas universidades: 0,05 puntos por cada 10 horas.		
4.1. Por actividades e cursos recibidos:	Ata 2	Certificado no que conste de modo expreso o número de horas de duración do curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación.
4.2. Por cursos impartidos:	Ata 1	Certificación.
5. Corpo de catedráticos.		
Por pertencer a un dos corpos de catedráticos regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:	0,50	Fotocopia cotexada do título administrativo ou credencial ou, se é o caso, o boletín en que apareza o seu nomeamento.
6. Proxecto de dirección.		
Polo proxecto de dirección:	Ata 12	Orixinal deste.

ANEXO III

Solicitud de participación no concurso de méritos para a selección, nomeamento e cesamento dos directores e directoras dos centros docentes públicos, que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na Comunidade Autónoma de Galicia

1. DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	
DNI	ENDEREZO (rúa, praza..., número, piso)		
LOCALIDADE (con indicativo postal)	PROVINCIA	TELF. FIXO	TELF. MÓBIL

2 DATOS DO DESTINO:

DESTINO DEFINITIVO		CORPO/ESPECIALIDADE	
DESTINO PROVISIONAL		CORPO/ESPECIALIDADE	

3. CENTROS DOCENTES QUE SOLICITA POR ORDE DE PREFERENCIA:

ORDE	CÓDIGO	CENTRO	CONCELLO
1			
2			

En _____, _____ de _____ de 20__

Sinatura